

REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 12:14:13


SAIDA **11207/20**





Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 74/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 23 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de xullo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura e Turismo do 20 de xullo de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de copia en formato dixital do expediente de recoñecemento do Camiño Inglés pola ría de Muros–Noia, incluíndo o documento análise da documentación histórica: “Camiño de peregrinación a Santiago de Compostela pola ría de Muros-Noia”, elaborado por  para a acreditación da historicidade do trazado; e os informes e ditames resultante da avaliación de dito documento, e a proposta de delimitación do trazado elaborada polos promotores.

O reclamante solicita a anulación da resolución contra a que se interpón a reclamación e lle sexa recoñecido o seu dereito de acceso á información nos termos expostos na solicitude presentada inicialmente.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 24 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 6 de agosto de 2020 a Consellería de Cultura e Turismo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a petición de información da interesada é dun documento presentado pola [REDACTED] con data do 7 de xaneiro de 2019. A [REDACTED] para o desenvolvemento formada polos Concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son, que son administracións públicas perfectamente identificables, e as propietarias como promotoras da devandita documentación, sen que exista ningunha valoración técnica, ditame ou informe elaborado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre a referida documentación. O citado camiño non está clasificado como un ben do patrimonio cultural de Galicia, polo que non existen á data, informes ou ditames de avaliación da proposta, xa que é simplemente unha entrega dun documento, non unha petición de clasificación.

Non lle corresponde á Dirección Xeral facilitar ningunha copia do documento citado, promovido por outras administracións locais asociadas, debendo ser a [REDACTED] ou, de ser o caso, aos seus autores, aos que debe dirixirse a petición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.



Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.



Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á interesada a resolución é de data 22 de xullo e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 23 de xullo de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A reclamante solicitou o acceso a copia dun expediente de recoñecemento do Camiño Inglés pola Ría de Muros–Noia, e o documento de análise da documentación histórica elaborado para a acreditación da historicidade do trazado; e os informes e ditames resultantes da avaliación de dito documento, e a proposta de delimitación do trazado elaborada polos promotores.

A dita Consellería, informa que o camiño Inglés pola Ría de Muros–Noia, non está clasificado como un ben do patrimonio cultural de Galicia e non existen, ata a data, informes ou ditames de avaliación da proposta. De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No referente ao expediente de recoñecemento do Camiño Inglés pola Ría de Muros–Noia, no marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe.

En canto á documentación presentada pola [REDACTED] dado que se trata dunha documentación que non foi elaborada ou xerada pola Consellería á que se lle solicitou, debería esta, en cumprimento do disposto no artigo 19.4, remitir a solicitude á citada [REDACTED] para que esta decida sobre o acceso, comunicando esta circunstancia á solicitante.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Única: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 22 de xullo de 2020, contra a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura e Turismo do 20 de xullo de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de copia en formato dixital do expediente de recoñecemento do Camiño Inglés pola Ría de Muros–Noia, lembrando á Consellería de Cultura e Turismo a súa obriga de remitir a solicitude a [REDACTED] comunicando esta circunstancia á solicitante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:36:06 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.